

## **PLAN DE DIFUSIÓN**

## **PROGRAMA PIALE 2023**

## **MODALIDADE DE INTEGRACIÓN**

**M<sup>a</sup> Luisa Oliveira Rey**

**CEIP Plurilingüe de San Bartolomé**

**Vilanova de Arousa**

## ÍNDICE:

1. OBXECTIVOS
2. CONTIDOS
3. LUGARES OU FORMATOS DA DIFUSIÓN
4. PROCEDEMENTOS DA DIFUSIÓN
5. PROGRAMACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DA DIFUSIÓN
6. REPERCUSIÓN

Segundo a ORDE do 20 de abril de 2023 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2023 o profesorado participante na modalidade 1, actividade 8, debe realizar unha fase de difusión da experiencia adquirida a través dun plan de difusión e unha memoria do desenvolvemento de dito plan.

## **1.- OBXECTIVOS**

O obxectivo principal da difusión é dar a coñecer o sistema educativo francés á comunidade educativa do meu centro e sobre todo a especialistas de Lingua estranxeira francesa dos centros próximos, facendo fincapé na cidade de Bordeos que foi onde se desenvolveu a miña experiencia de integración e tratar de aportar ideas que poidan mellorar o traballo nas súas aulas. Pero ademais compre destacar os seguintes obxectivos:

- a.- Dar a coñecer o programa PIALE na modalidade de integración, impulsado pola Consellería de Educación.
- b.- Dar a coñecer aspectos destacables e transferibles da organización do sistema educativo francés.
- c.- Dar a coñecer aspectos destacables e transferibles da organización dos centros educativos franceses.
- d.- Dar a coñecer aspectos metodolóxicos e transferibles destacables adquiridos na integración.
- e.- Dar a coñecer aspectos xerais de Francia e da vida e cultura francófona.

## **2.- CONTIDOS**

- a.- Liñas básicas do programa PIALE na modalidade de integración, impulsado pola Consellería de Educación.
- b.- O sistema educativo francés : aspectos destacables e transferibles da organización do sistema educativo e dos centros

c.- Aspectos metodolóxicos e transferibles destacables adquiridos na integración.

d.- Aspectos xerais de Francia e a vida na sociedade francesa.

#### O SISTEMA EDUCATIVO FRANCÉS:

Non se trata de facer un estudo exhaustivo do sistema educativo en Francia pero penso que dun xeito xeral é interesante coñecer a filosofía educativa que promoven, para iso destacarei algúns dos aspectos que me parecen máis relevantes.

Existe un sistema educativo nacional. As trece rexións administrativas que conforman a actual organización territorial do país non teñen liberdade para legislar no ámbito educativo, polo que comparten os plans de estudo adaptados ás necesidades concretas do conxunto dun Estado centralizado.

A estrutura administrativa do sistema educativo francés regula a actividade de case quince millóns de alumnos e de máis de un millón de profesionais, entre persoal docente e administrativo.

Un primeiro nivel administrativo está formado polos ministerios de Educación Nacional e de Ensino Superior e Investigación e os seus órganos de asesoramento. A eles lles compete a definición da política educativa, fixar os obxectivos educativos e los currículos estatais, la expedición de diplomas e todo o relativo á regulación da función docente.

O segundo nivel administrativo fórmano as actuais trinta Académies, demarcacións xeográficas escolares e universitarias. A aplicación das decisións ministeriais dependen do Recteur, responsable máximo de cada Academia. No seo destas demarcacións, un delegado académico de cooperación e relacións internacionais (DARIC) asume a coordinación das accións internacionais das mesmas.

No terceiro nivel atópanse os directores dos centros: Proviseur (lycée), Principal (collège) e Directeur (école). Constitúen o corpo profesional non docente con máxima responsabilidade e competencias administrativas.

A cidade de Bordeos (declarada Patrimonio Mundial da UNESCO en 2007) é a capital da rexión Nova Aquitania e a prefectura do departamento de Gironda, sendo ademais a quinta cidade máis importante do país cuxa poboación ronda os 262.000

habitantes. Desafortunadamente, unha serie de circunstancias relacionadas con problemas de organización nesta edición do programa PIALE, impediron a miña integración nun centro de titularidade pública, obxectivo fundamental do programa. Deste xeito, as catro semanas iniciais previstas de observación reducíronse a tres (a cuarta foi de formación na academia de idiomas "New Deal Institut de Français", que foron feitas en dous centros educativos: unha primeira semana nun centro privado "École alternative Les Floranies" en Floirac (Bordeaux) <http://ecole-alternative-les-floranies.fr> cunha pedagogía baseada nas metodoloxías Montessori/ Freinet e que conta con arredor de 50 alumnos e alumnas; e as dúas últimas semanas en "Jeanne D'Arc Assomption" en Pessac (Bordeaux) <http://jdapessac-assomption.eu> un centro concertado, de metodoloxía tradicional católica, que conta con arredor de cinco centos alumnos. En ambos os dous centros, me sentín un membro máis do cadro de profesores.

Tanto a obrigatoriedade do ensino como a financiación do sector privado remóntanse á promulgación da Lei Debré (1959). Nela se establece a escolaridade obrigatoria e gratuíta desde os seis anos (primeiro curso de ensino primario) hasta los dezaseis (seconde). A escola pública escolariza ao 80% do alumnado e o Estado financia parte das institucións privadas por medio de concertos (contrats). Actualmente o sistema educativo francés, nas ensinanzas non universitarias, comprende dúas etapas: Primeiro grado (Premier degré): educación infantil (École maternelle) e educación primaria (École élémentaire) e Segundo grado (Second degré): educación secundaria Collège-1º ciclo- e Lycée-2º ciclo-. Cómpre salientar unha grande diferenza co sistema educativo galego que consiste en que na **École maternelle e École Élémentaire en Francia os mércores non son lectivos**.

Desde o establecemento da educación obrigatoria nos anos 1880 o francés foi proclamado como única lingua de instrución nas escolas públicas, aínda que están recoñecidas oficialmente sete linguas rexionais: corso, bretón, galo, vasco, franco-provenzal, occitano e catalán. Nestes últimos anos estas linguas están menos reprimidas institucionalmente, de xeito que nas escolas primarias os programas bilingües están legalmente permitidos. Estas linguas contan cun máximo de tres horas de instrución á semana e ata un 50% de tempo nas materias de historia e xeografía, sempre que se siga respectando a porcentaxe completa de horas de instrución en francés, pero estes programas gozan de escaso apoio público.

O inglés é a primeira lingua estranxeira que estuda o alumnado da

escolarización obrigatoria e a segunda lingua estranxeira, maioritariamente o español, ofértase na ensinanza secundaria , que comeza un ano antes que en España.

Así por exemplo na “École Jeanne D´Arc” ofértanse as seguintes materias:

- Langue anglaise de la Petite section de maternelle au CM2
- Actividades extraescolares de percusión e introdución ao chinés.
- MATERIAS OBRIGATORIAS CM1 e CM2 :
  - Français programme. Estudan de forma independente “Grammaire”, “Orthographe”, “Vocabulaire” “Poésie”(a diario). Valoran e estudan moito aos clásicos da literatura francesa favorecendo a memorización.
  - Mathématiques. “Nombres et calcul” e “Géometrie” (a diario).
  - Sciences. Seguen o estudo de ciencias naturais a través de proxectos (2 días á semana).
  - Histoire e Géographie (2 días á semana).
  - English (2 sesións á semana).
  - EPS. “Educación física e deportiva” (un día á semana).
  - Arts - Réligion Catholique (un día á semana cada unha).

Existen programas de acollida e apoio para o alumnado chegado do estranxeiro, con atención personalizada ao alumnado inmigrante, pero durante a miña estadía non houbo ningunha incorporación de novo alumnado para ver como se desenvolven estes programas. Fun informada de que se establecen sistemas de apoio e actividades de apoio e acollida para que este alumnado poida alcanzar ao resto do alumnado. Tamén hai unha forte aposta pola titoría entre iguais e por desenvolver programas culturais e intercambios deportivos para favorecer a integración e a convivencia pacífica. Valoran a educación continua e o realmente importante é que o alumno vaia mellorando ao longo do curso.

Cómpre precisar que neste momento o sistema educativo está a vivir un momento especialmente delicado pola situación do estado de alarma establecido en todo o país, derivado da acción bélica entre o estado de Israel e a poboación palestina na franxa de Gaza. Isto fai que as directivas de todos os centros se mostren

moi receosos e coidadosos con todas as persoas que acceden ao centro educativo.

A educación social e emocional ten especial importancia nos programas educativos, por iso trabállase a empatía, fundamental para coñecer ao outro e poder comprendelo. Ten especial importancia formar nenos solidarios e socialmente comprometidos. Na escola traballan a educación emocional a través de actividades “Zones” e desenvolven programas para a prevención do acoso dos que tamén forman parte da comunidade educativa e desenvolven encontros con outros centros no país da rede “Assomption” anualmente (en Saint Dizier, Orléans e Cannes).

## ASPECTOS METODOLÓXICOS TRANSFERIBLES

A pesares de que a sociedade francesa e a nosa están moi próximas son diferentes culturalmente e, na miña opinión, estas diferenzas se deben a uns hábitos, uns horarios e uns valores culturais ben distintos, pero penso que hai moitos aspectos que poden transferirse ao sistema para melloralo ostensiblemente.

O primeiro que vou a destacar, non é estritamente metodolóxico pero para min é o máis importante : O **RESPECTO**. O modo de dirixirse tanto o profesor ao alumno como o alumno ao profesor é de absoluto respecto. A figura do profesor ten unha notable importancia social e seguen sendo respectados e valorados. O profesorado amosa respecto e interese cara ás diferentes culturas do alumnado.

**As familias confían no profesorado.** Na escola “Les Floranies” mestres e pais falan diariamente á hora da aollida e da entrega do alumnado (unha hora en total, repartida en dous períodos de media hora). Cada profesor imparte todas as materias, agás a de lingua estranxeira pero a **lingua francesa** acapara un notable protagonismo. Esta filosofía propia do ensino CLIL vese reflectida na aula, calquera mestre sexa da materia que sexa incide na importancia da expresión oral e escrita.

**Escoita activa.** Método que fomenta a capacidade de escoita dos rapaces dende infantil. Non son meros receptores de información, teñen que escoitar para interactuar e o profesorado está centrando a escoita en todo momento.

**Pensamento reflexivo.** Seguen esta filosofía de traballo que obriga ao alumnado a pensar, reflexionar, tomar decisións relacionar e debater.

**Reforzo positivo baseado no recoñecemento dos erros.** O profesorado reforza positivamente ao alumnado i eles fan recoñecemento do erro dun xeito moi

natural demostrando que están afeitos a facer da autocrítica un proceso continuo, tanto do reforzo persoal como do seu proceso de aprendizaxe.

**Redución de contidos.** Unha cousa que sorprende moito é a calma e tranquilidade con que desenvolven os contidos. O que nós facemos nun día eles empregan unha semana. Céntranse no básico. Expresión oral, expresión escrita, orde, limpeza, boa presentación e lóxica-matemática. Reflexionan moito sobre todo o traballo realizado. **Escasos medios tecnolóxicos nas aulas e aplicados ao ensino nas "Écoles"** .

**Autonomía do alumnado.** O alumnado é moito máis autónomo que o noso, pero non só a nivel académico, se non tamén a nivel "social". Pódese apreciar que xa os máis pequenos son moito máis autónomos que os nenos galegos da mesma idade, son eles os que se visten (non se dá importancia se a roupa non combina ou está do revés). A nivel académico se traballa moito a memorización (clave para fixar as regras para a adquisición da lectura) e se dá moita importancia á ortografía, ademais do contido. Isto fai que os nenos se centren na historia, texto, noticia... en definitiva no contido, na expresión e tamén na forma.

Importancia da **expresión oral**. Dende moi pequenos dan unha gran importancia a expresión oral e ao pensamento crítico. Sempre lles piden que expresen as súas ideas, razoamentos e reflexións. A oratoria é unha parte moi importante na avaliación do alumnado que teñen que facer presentacións orais ao resto dos compañeiros.

Uso da **poesía e outras expresións culturais** como elementos fundamentais na adquisición de coñecementos. Conseguen que o alumnado coñeza profundamente e valore a cultura e identidade propias.

**Controis semanais, sen previo aviso.** Gústame moito este principio da escola Jeanne D´Arc Assomption (impensable na nosa sociedade neste momento) de que todas as semanas e sen previo aviso, o alumnado se examina con total tranquilidade e absoluta honestidade da materia traballada cando a mestra o indica, sen necesidade de separarse dos compañeiros, usado os seus propios archivadores como separadores. Este feito, unido a que as titorías coas familias se producen en casos excepcionais, confirman o grao de respecto e confianza que as familias depositan tanto no profesorado como en todo o equipo profesional do centro educativo.



### **3. Lugares ou formatos da difusión**

A difusión de todos os aspectos aquí sinalados realizouse tanto no centro educativo, expoñendo á experiencia ao alumnado, falando de modo individual ou en pequenos grupos cos compañeiros interesados en coñecer a experiencia, como dun xeito máis pormenorizado con compañeiros e compañeiras especialistas de inglés de varios centros da comarca.

- Difusión na páxina web do colexio

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdesanbartolome/>

- Difusión da unidade didáctica na páxina web, e na aula virtual
- Difusión nas redes sociais

Difusión da experiencia a especialistas de francés dos centros da comarca nunha actividade que se denominou “La France gourmande” e que consistiu nunha merenda con produtos franceses e na que se presentou a experiencia. Difusión co alumnado do centro educativo e dos mestres compañeiros do claustro en dous “Petit déjeuner français”.

Asistiron:

Un grupo de mestres e profesores de francés da comarca.

O alumnado de 5º e 6º de EP (dúas sesións de 50 minutos). O claustro do centro.

### **4. Procedementos da difusión**

- Difusión no centro; Durante “Le petit déjeuner français” e “La France gourmande” en pequenos grupos falei con todo o profesorado sobre a experiencia, destacando os aspectos metodolóxicos máis interesantes. O alumnado tamén coñeceu a experiencia, pero transmitida dende un punto de vista máis vivencial (coñecemos Francia, xeografía e aspectos destacables da vida francesa). Tamén transmitín a miña experiencia aos pais nais que se interesaron por ela e preguntaron nas titorías que tiven dende a miña volta.
- Difusión na web; no bloque de Linguas estranxeiras da web hai un apartado específico para a difusión da experiencia e materiais sobre Francia.

- "La France gourmande"; é o punto central da miña difusión. Penso que os mestres de francés que nunca solicitaron o PIALE son os máis interesados en coñecer como funciona o programa e que lle pode aportar á súa labor docente diaria. A difusión consistiu nunha merenda a base de produtos franceses na que presentei as liñas básicas do sistema educativo francés e os aspectos metodolóxicos máis destacados e transferibles ao noso sistema educativo (reflectedos nesta memoria) Foi unha xuntanza moi agradable na que xurdiron moitas preguntas e moitas inquiredanzas. A pesares de estar reunidos máis de dúas horas quedaron aspectos sobre os que reflexionar e é posible que desta experiencia xurda un grupo para debater e intentar atopar recursos e técnicas para mellorar as nosas prácticas docentes.

## **5. Programación e temporalización da difusión**

- Difusión no centro; "Le petit déjeuner français" cos compañeiros realizouse á primeira semana á volta de Francia, aproveitando os recreos/horas de ler libres. Co alumnado tamén se realizou nesas datas en cada clase na súa correspondente hora da materia.
- Difusión na web - Permanente
- "La france gourmande"; realizouse o día 14 de decembro, na aula de clase.

## **6. Repercusión da difusión**

O claustro do centro conta con 14 de profesores e o alumnado ronda a centena pero este tipo de presentacións vai máis aló porque os compañeiros comentan con outros compañeiros, amigos, os nenos nas súas casas... É complicado estimar o número de persoas aos que chegou a miña difusión.

Se ben non foi unha difusión elevada en número penso que si é interesante en calidade, pois a difusión entre o profesorado especialista causou moito interese na actividade, é posible que xordan máis CEIP que aposten pola aprendizaxe do francés.